



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, PARA A ATENCIÓN DE MENORES NO CENTRO "CIUDAD INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE" EN PONTEVEDRA

O Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 27 apartado 23 a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de asistencia social.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro da disposición transitoria do dito Decreto 42/2024, do 14 de abril, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

A Excelentísima Deputación Provincial de Pontevedra, con CIF P3600000H e rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1340, dispón entre os seus recursos asistenciais dun establecemento denominado Centro "Ciudad Infantil Príncipe Felipe", sito na Avenida de Montecelo número 12 de Pontevedra, que cumpre coas previsións do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e conta con permiso de inicio de actividades coa tipoloxía de centro con fogares.

Neste centro véñense prestando, mediante convenios formalizados dende os anos noventa coa Xunta de Galicia, servizos a menores en situación de desamparo ou marxinación que, por diferentes causas sociofamiliares e persoais non poden, aínda que sexa temporalmente, ver cubertas na súa propia familia todas as súas necesidades, tanto materiais coma afectivas, educativas e outras.

O artigo 55º da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece a posibilidade de colaboración entre ambas institucións no ámbito de servizos sociais.

Para levar a cabo o servizo de acollemento residencial de menores tutelados ou en garda, a Xunta de Galicia conta con equipamentos propios que de todos os xeitos son insuficientes para levar a cabo servizo e cubrir a forte demanda do mesmo, polo que a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, promove a colaboración doutras entidades sexan públicas ou privadas que por razón do seu obxectivo e realización de actividades, teñen relación directa coa atención de menores, sempre e cando estas contén coa oportuna autorización administrativa.

Trátase dun recurso a través do cal ambas as dúas partes establecen como obxectivos xerais de atención aos/ás menores, os seguintes:





- Mellorar a situación persoal e socio-familiar dos/as menores procurando, en xeral, a reintegración do/da menor na familia de orixe ou, se non é posible o anterior, nunha familia acolledora. De todos os xeitos procurarase que os internamentos duren o menor tempo posible, poñendo ambas as dúas partes os medios necesarios, no ámbito das súas competencias, para acadar o dito obxectivo.
- O ingreso dun/dunha menor, aínda que sexa de modo temporal, só se deberá realizar cando se esgoten todas as posibilidades de mantemento do neno/a na súa familia, a través da utilización doutros recursos preventivos como son as axudas económicas, os apoios ás familias, as achegas escolares, etc.
- Os/as menores acollidos/as no centro serán obxecto dun tratamento individualizado por parte do equipo educativo e dun seguimento evolutivo conforme aos criterios de elaboración das diferentes áreas de actuación referidas no proxecto educativo individualizado do/da menor.
- A utilización ao máximo dos recursos que ofrece a sociedade: escolares, de lecer e calquera outro que contribúa a unha maior integración do/da menor nela.

A Deputación Provincial de Pontevedra, para a aplicación deste convenio no equipamento citado, ofrécelle á Consellería de Política Social e Igualdade, que acepta, ata un máximo de 105 prazas das que 75 son en réxime de acollemento residencial e 30 son en réxime de atención de día.

No proxecto de convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Deputación Provincial de Pontevedra concorren as seguintes circunstancias que xustifican a figura do convenio:

1. O convenio é expresión das competencias que cada unha das partes ostentan en materia de protección de menores, existindo un claro interese común na consecución dos obxectivos que se pretenden; así, segundo se recolle na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, (art. 58º) "as competencias en materia de servizos sociais corresponderanlle á administración da Comunidade Autónoma de Galicia e ás corporacións locais de Galicia, así como, se é o caso, ás demais entidades públicas previstas no Estatuto de autonomía de Galicia ou establecidas nesta lei".
2. Ambas entidades teñen o carácter de administración territorial, con capacidade plena para o exercicio das súas propias competencias e sen que prevaleza ningunha delas sobre a outra, polo que non resultan aplicables as prerrogativas da administración propias do sistema de contratación pública.
3. A Deputación de Pontevedra é titular dun establecemento, dotado de medios materiais e persoais, autorizado pola Consellería de Política Social e Igualdade, posto que cumpre as condicións que o fan apto para prestar o servizo consistente no acollemento residencial para menores en situación de tutela ou garda pola Xunta de Galicia.

O seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio Convenio e os principios xerais resultantes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O custo deste convenio farase con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.228, na que existe crédito axeitado e suficiente para a súa execución, de acordo coa Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de





orxamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, por un importe de 11.223.975 € coa seguinte desagregación por anualidades.

Anualidade	2025	2026	2027	2028	2029
días	(122 días)	(365 días)	(365 días)	(366 días)	(243 días)
COSTE ANUAL	871.080,00 €	2.682.750,00 €	2.797.725,00 €	2.882.250,00 €	1.990.170,00 €

O importe por praza/día de Servizo segundo cada anualidade é o que segue:

Anualidade	2025	2026	2027	2028	2029
días	(122 días)	(365 días)	(365 días)	(366 días)	(243 días)
PREZO/PRAZA/DIA	68 €	70€	73 €	75 €	78 €

A Xunta de Galicia retribuirá con ese importe a ocupación real do centro.

Respecto das prazas totais previstas neste convenio e non ocupadas, ata un máximo de 105, serán retribuídas no 80% dese importe de praza e día.

No intre da sinatura deste convenio de colaboración, se dará por resolto e finalizado o convenio de colaboración análogo cuxa prórroga nestes intreos está en vigor ata o 31 de agosto de 2025.

De acordo coa disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno, ao ter unha obriga de gasto superior a 150.000 € o acordo de convenio de colaboración deberá ser autorizado polo Consello da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, téndose fiscalizada unha retención de crédito polo indicado importe solicítanse informes previos da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada sobre se o texto do convenio se axusta á normativa vixente.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

